

*A antiga Coca de Monção. Deseño de João de Almeida, publicado en 1886 en O Minho Pitoresco, de José Augusto Vieira.*

**CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ**

Naceu en Cenlle (Ourense).

Secretario da xunta Rectora do Museo do Pobo Galego, e da sección de Etnografía e Folklore do Instituto «P. Sarmiento» de Estudos Galegos; membro da ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega, etc. Autor de numerosas

publicacións, entre as que destacan: *O refraneiro do mar* (Pontevedra, 1988); *A festa dos Maios en Galicia* (Pontevedra, 1989); *A festa dos Maios* (Vigo, 1989); *Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente* (Lugo, 1991); *As festas cíclicas do ano* (Noia, 1992); *A coca e o mito do dragón*

(Vigo, 1993); *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (Lugo, 1994); *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares* (con González Reboredo, Santiago de Compostela, 1996); *Mendiño, Martín Codax, Xoán de Cangas* (Noia, 1997); *Roberto Blanco Torres* (Noia, 1998), etc.



# A festa do Corpus de Ribadavia: a “Becha” II

(Continuación de Raigame nº 6. 1998)

**Clodio González Pérez**

## I. FIGURAS, PASOS, DANZAS...

Ribadavia celebrou durante séculos a festa do Corpo de Deus do mesmo xeito que outras moitas poboacións, pois esta solemnidade relixiosa era das máis uniformes, por tratarse dunha festa de carácter universal. O maior ou menor número de figuras, así como de “pasos” e actuacións gremiais, dependía da importancia da vila, do número de veciños e, en particular, do de artesáns.

Polo de agora temos rexistrados os seguintes:

**1. A COCA (A BECHA):** Era un dos principais protagonistas da procesión. Sempre había un gremio que tiña a encomenda de andar con ela, así como de arraxala ou de cons-

truír unha nova se facía falta, que nos máis dos casos adoitaba se-lo dos zapateiros (de *Obra Prima*). Na nosa Terra contaron con ela, entre outras poboacións, Allariz, Baiona, Betanzos, Compostela, A Coruña, Ourense, Pontevedra, Redondela, Tui, etc.

Á de Ribadavia adícaselle máis adiante un apartado monográfico.

**2. O COMBATE CON SAN XURXO:** Na mesma orela do río Miño, na vila fronteiriza de Monção, aínda se pode admirar tódolos anos o único enfrontamento que actualmente se escenifica entre un garboso cabaleiro (que representa a San Xurxo), e a Coca (o símbolo do demo). O vencedor xa se sabe que sempre vai se-lo primeiro. Malia a que o monçanense sexa agora o único, do mesmo xeito que se

fai nesta poboación portuguesa, tamén se desenvolvía en Ourense, Redondela, Compostela,... e outras máis. En Ribadavia a loita tiña lugar, segundo parece, nos arredores do convento de San Domingos, o que non sabemos é se era antes ou logo despois de remata-la procesión.

Unha das primeiras poboacións onde se rexistra é na cidade belga de Aalst, no ano 1424<sup>1</sup>. Polo que atinxe a Galicia, sábese que en 1570 xa se representaba en Santiago de Compostela, pois en tal data saíron tódolos gremios a recibir ó arcebispo Fernández Valtodano, entre os que estaban os zapateiros coa Coca e San Xurxo: *Iten mandaron que salga al dicho recibimiento la confradía de los çapateros con su oficio de la coca según la suelen llevar*

1. POTTER, F. / BROECKAERT, J.: *Geschiedenis der Stad Alst*, Gante, 1873/76, III, pp. 270 e 286.



*A actual Coca de Betanzos, con tres gamachiños ou demións, que son os que andan con ela*

*en la procesión de Corpus xpi con la historia de S. Jorje a caballo cuando fue lo del dragón e de la doncella, con veinte e cuatro gitanos*<sup>2</sup>.

**3. OS XIGANTES:** Descoñécese o número pero, ó menos, debía andar unha parella. En 1754 gastáronse quince reais na *composición de los Gigantes y quien los lleva*<sup>3</sup>. Non dependían de ningún gremio, senón que corrían por conta do concello. Estas figuras saían en case tódalas poboacións onde se celebraba o Corpus con certa solemnidade, así como tamén noutras festas ó longo do ano, en especial as patronais, como no caso de Ribadavia as da Virxe do Portal<sup>4</sup>.

**4. O FENO:** Era un home disfrazado de demo rebuldeiro e pillabán que ía bailando e meténdose cos espectadores na procesión, comitiva, etc. Levaba amarradas ó cinto varias chocas, coas que facía barullo, e en casos tamén unha bincha de porco inchada e atada na punta dun pao, coa que lle arreaba a aqueles que pretendían meterse con el.

Santiago)<sup>5</sup>. Tamén saía noutras partes, pero con distintas denominacións, como a de *centulos* en Pontevedra, *gamachiños* en Betanzos, *diabretes* en Redondela, etc.<sup>6</sup>. Coidamos que o mesmo que noutras partes, en Ribadavia tampouco debería haber moitos voluntarios para andar facendo de *feno*, procedendo quizais os máis deles de lonxe para que non os coñecesen os veciños, o mesmo que se facía, poñamos por caso, en Pontevedra, como deixou constancia en verso o polifacético P. Sarmiento, a mediados do século XVIII:

2. "Archivo histórico de la ciudad de Santiago. Actas consistoriales, competencias, pleitos y decretos reales sobre ceremonial para el recibimiento de los señores arzobispos", *Galicia Diplomática*, Compostela, II, 16-XII-1883, pp. 173 ss.

3. AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, caixa 346.

4. Así, por exemplo, o 13 de agosto de 1865 o concello destinou 80 reais para os *Gigantes y su composición*, para a festa do Portal (AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, Actas de sesións). Sobre a difusión e importancia destas figuras en toda Europa véxase, entre outros: MEURANT, R.: *Géants processionnels et de cortège en Europe, en Belgique, en Wallonie*, Ministère de la Culture Française, Bruxelles, 1979.

5. Manuscrito sen data, publicado por S. EIJÁN: *Obr. cit.*, p. 403. Aínda hai unha familia de forneiros en Ribadavia que se coñece polos "do feno", lembrando que algún dos devanceiros foi disfrazado deste persoaxe na procesión do Corpus.

6. En particular sobre o *Centulo* pontevedrés existe unha nota do século pasado verbo da súa indumentaria: *Llevaba una careta de palo, con cuernos y el traje era de lienzo de color de sabandija enterino desde la cabeza y se abrochaba por atrás, estaba emulando ser lagartos, sapos y culebras y sabandijas*. No mesmo manuscrito tamén figura a seguinte cantiga:

*Hei de ir a ver o Centulo  
día de Corpus na vila;  
coas súas chocas novas  
beilando na Ferrería.*

(Colección "Casal", Museo Provincial de Pontevedra, LXII-3).

*De Deza e Trasdeza  
e de Carboeiro  
son os que as levan  
de cote e arreo.  
Estes as mornean  
con moitos maneos,  
e fan o centulo  
ou o fareleiro...<sup>7</sup>.*

**5. AS PENLAS:** Trátase de nenas moi ben enfeitadas que bailan sobre os ombreiros de mulleres (*as burras*) ou, nalgúns casos, tamén de homes. Tanto en Ribadavia, como nas demais poboacións, as encargadas de andar con elas adoitaban ser sempre as panadeiras, que se dedicaban á venda e reparto do pan. Son moi anteriores á festa do Corpo de Deus, pois xa se rexistran polo século X-XI, sendo por tanto unha manifestación traspasada á celebración eucarística logo despois de ser instituída a procesión. Hóboas en Pontevedra, Compostela, Baiona, Pontearreas, Monção, ... Actualmente en Galicia só quedan as dúas de Redondela, que pasan toda a procesión facendo reverencias e bailando diante do Santísimo<sup>8</sup>.


**6. XAN DA ARZÚA:** No 1778 consta no veredicto do preito entre o alcalde de Ribadavia e o mestre de Obra Prima, que se trataba da *figura de un hombre a caballo de una Baca*. Os encargados de andar con el adoitaban ser case en todas partes os carniceros.

Descoñécese o significado desta pantomima, non faltando quen pretenda relacionala cos xudeus, e tampouco porque se fai procede-lo persoaxe da vila coruñesa da Arzúa e non doutro sitio. A mesma figura tamén saía en Ourense e Allariz con igual denominación. A vaca ou o boi sobre o que ía era un dos lidados pola tarde na praza maior.

**7. AS DANZAS:** Corrían por conta dos gremios e eran varias, como consta en 1778: *y otras danzas de herreros, Molineros, Carpinteros, Zapateros, Labradores*. Aínda que non se di nada sobre elas, nin sequera se nomean, quizais unha das máis importantes debeu se-la “danza de espadas”, moi popular tanto en Galicia como en toda a península, que en Ourense xa

se bailaba en 1441: *andase logo a dita confraría de Santa Oufémea depúus a confraría de Santa María a Madre con sua Danza de Espadas*<sup>9</sup>. Tamén era coñecida en Compostela, Pontevedra, Betanzos, Baiona, Marín,... e actualmente en Redondela<sup>10</sup>. Como mostra para facerse unha idea do variado que podían ser estes bailes, abonda un texto de 1565 referido ós dos gremios que tiñan que asistir a esta celebración en Santiago de Compostela: *A los plateros una [danza] de gitanas con que vayan muy bien adereçadas, y a los azabacheros, una danza de muchachos y lleben su Santiago y dos discípulos, y la danza sea de nueva ynbención de como mejor fuere: a los sastres, su danza de espadas con que ellos*

*A Coca de Monção é vencida tódolos anos por San Xurxo.*



7. É dicir, que sabían mover ben as chocas. A denominación tamén de “fareleiro”, indica que levanan farelo para botar-lo ó público. FILGUEIRA VALVERDE, X.: “O remate inédito das coplas galegas de Fray Martín Sarmiento”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIX, Compostela, 1974-75, pp. 13-14.

8. Foron prohibidas polo cristianismo no século X-XI, como consta nun penitencial peninsular (*Codex Vigilans* ou *Albendensis*) existente na biblioteca do Escorial: *Qui in saltatione feminaeum habitum gestiunt et monstrose se fingunt et maia et orcum et PELAM et his similia exercent, I annum poenitentiae*; ASENSIO, E.: *Poética y realidad en el Cancionero peninsular de la Edad Media*, Madrid, 1970, p. 241. Tamén GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *As penlas e a danza de espadas*, Concello de Redondela, Vigo, 1987.

9. FERRO COUSELO, X.: *Obr. cit.*, II, Vigo, 1967, p. 145.

10. GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *As penlas e a danza de espadas*, 1987.

vayan bien aderesçados; y al oficio de los correeros lleben su figura de Sant Estebo como suelen, con sus discípulos y sus caballos y los pinten de nuebo y sus almetes; y el oficio de los çapateros lleven una dança pastoril como conviene, con sus cayados pintados; y al oficio de Santo Thomé, que son pedreros y carpinteros, lleven una dança de arcos muy bien hecha; los armeros lleven una dança de salvajes; y al oficio de ferreros lleven su San Julián, con sus paxes y los más que solían llevar con sus capitanes; y a las tecelanes, lleven una dança de romeros y romeras; y los carniçeros lleven una fulía portuguesa; y los horneros lleven sus pelas muy bien aderesçadas; y los oficios que suelen llevar figuras las lleven asimismo<sup>11</sup>.

**8. TOUROS:** Xa queda dito que na procesión ía un touro ou unha vaca co monifate de Xan da Arzúa. Logo pola tarde tiña lugar a festa profana, da que a parte máis concorrida era a da lida taurina que se organizaba na praza maior. Nas contas do concello correspondentes a esta celebración figuran cantidades destinadas ós encargados de trae-lo gando ata a praza e tamén logo de vende-la carne: en 1753 déronlle 137 reais ós dous cortadores que traballaron na cortadoría (*dos ttallos para la cortaduría*); en

1792 entregáronselle catro reais ós carniçeiros por *poner los Toros o Bacas en la Plaza*<sup>12</sup>. Adoitaban ser tres vacas, como se desprende do acordo tomado pola corporación o 6 de agosto de 1865 sobre unha petición do arrendatario do matadoiro municipal: *se le permita también como de costumbre en despachar con preferencia las vacas que se corren que son tres de cada vez en cada una de las tres épocas del año*<sup>13</sup>. Non sabemos se chegaban a intervir profesionais do toureo, mesmo entre os veciños, ou non participaban máis que espontáneos. Igual que nas demais festas, a corporación asistía á lida dende o balcón da casa do concello.

**9. COMEDIAS, HISTORIAS, PASOS:** Non dispoñemos polo de agora de documentos nos que conste se antes de empeza-la procesión, ó rematar ou mesmo ó longo dela se representaban “historias” ou “pasos”, xa por parte dos veciños ou por profesionais ambulantes que se dedicaban a tal mester. Se estas dramatizacións corrían a cargo dos gremios, entón non é doado chegar a saber da súa existencia, pois os gastos non figuran reseñados nas contas do concello. Están moi ben documentados en Ourense, que tiñan lugar na praza maior: *las Historias Sagradas representativas que de immemorial tiempo desta parte se acos-*

*tumbran poner en la plaza mayor de este Pueblo el día de la festividad de Corpus Cristi para obsequio de tan gran festividad, incorporadas estas en la Procesión para su mayor lucimiento...*<sup>14</sup>. Sempre se trataba de pasaxes da Biblia (en particular do Antigo Testamento) ou feitos sobranceiros da vida de santos, entre os que destacaba a loita entre San Xurxo e o dragón.

Estas *comedias* eran correntes en tódalas poboacións, tanto por esta festa, como nas máis importantes do ano, como en Ribadavia as do Portal. Entre as ben documentadas do Corpus áchanse as de Santiago de Compostela e Padrón. Por certo, no ano 1566 nesta última vila coruñesa acordaron escenificar *el abto e ystoria de la viña que pidió Acab a Nabod, en el qual an de entrar catorce personas de danza con dos que mueren, que son Acab y Nabod [...]*<sup>15</sup>.

Nestas representacións pode esta-la orixe da “Festa da Historia” que se celebrou ata o 1868, cadrando coas patronais da Virxe do Portal, e que foi recuperada hai uns anos, pois cómpre ter en conta que esta festa é moito máis recente que a eucarística (a advocación mariana non figura ata despois de 1622). O costume de escenificar temas “xudeus” o día do Corpus vén de moi

11. PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*, II, Vigo, 1926, p. 85.

12. AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, caixa 348 (fs. 15v ss.)

13. AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, acta do 6 de agosto de 1865. Estas “corridas” celebráronse por última vez o ano 1899 (EIJÁN, S.: *Obr. cit.*, p. 409, nota 3).

14. AHPOurense: *Concello de Ourense*, Actas, 27 de maio de 1784.

15. PÉREZ COSTANTI, P.: *Obr. cit.*, II, p. 74.



*Cabeza da Coca de Redondela.*

antigo, e dase o caso que unha das derradeiras que se fixeron era así, como o testemuñan as seguintes palabras de Leopoldo Meruéndano: *y en una de las últimas representaciones se figuró la lucha de hebreos y filisteos en tiempo de su primer rey Saúl, cayendo éste muerto en ella.*

*El director de la pantomima al caer muerto el rey, exclamaba con grandes voces: Llorad, hijos de Jerusalem, la muerte de vuestro rey Saúl: Maldito sea el monte de Gelboe en que cayó el ungido del Señor<sup>16</sup>.*

Aínda é de supoñer que houbera máis espectáculos nesta procesión da nosa querida vila do Avia, malia a non estar documentados, como por exemplo a imaxe de San Cristovo, que se rexistra noutras veciñas, como en

Redondela e Monção, que consistía nunha figura xigante por debaixo da que nalgúns sitios (Redondela) había o costume de pasa-los nenos que tiñan o tangaraño (raquitismo)<sup>17</sup>.

## II. A “BECHA”

O mesmo que sucede coa inmensa maioría destas figuras procesionais, nada podemos dicir sobre a data en que empezou a percorre-las rúas de Ribadavia. É clara a súa orixe e difusión por toda a cristiandade, como xa queda visto, pero non a súa chegada a nosa vila.

Se fose un espectáculo promovido polo concello -como os xigantes, poñamos por caso-, entón figuraría o gasto anual correspondente, e mesmo algunha vez o custo da

súa feitura ou arranxo. Pero neste caso corría todo por conta do gremio e, que saibamos, actualmente non se conserva ningunha documentación. A única que podía ser de grande interese, a da confraría e irmandade de San Xurxo sita na igrexa de Santa María da Oliveira, desapareceu logo despois de 1920, data en que foi consultada polo P. Eiján, descoñecendo-se dende entón o seu paradiro, se é que aínda existe, non quedando rastro dela no

arquivo parroquial de Ribadavia, nin tampouco no diocesano da capital.

No 1437 saía en Ourense a *coquatrix*, pero catro anos despois xa se lle dá o nome que había de conservar ata os nosos días: *qoqa* e *coqa*, é dicir, Coca. *Coquatrix* procede do baixo latín *cocatrix*, e este do latín *crocodilus*, polo que vén a se-la crocodila. Este nome xeralizouse en Portugal, Catalunya e Galicia, anque na segunda actualmente o popular é o de *drac*. O castelán dispuxo de dúas denominacións: *gomia* e *tarasca*. A primeira é moi corrente nos escritores do século de ouro da literatura castelá (entre os que se conta o propio Cervantes), mentres que a segunda vén dende o francés *tarasque*, e a súa vez do provenzal *tarasco*, que é o nome que recibe o monstro procesional da cida-

16. *Los judíos de Ribadavia*, Ribadavia, 1915, p. 22.

17. GONZÁLEZ PÉREZ, C. “Dúas manifestacións comúns a Portugal e a Galicia: a Coca e San Cristovo”, *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Compostela, 1997.

de de Tarascón, o máis coñecido de todos a nivel internacional<sup>18</sup>.

Ademais destas denominacións, que podemos dicir xenéricas, había outras de carácter estrictamente local: a de Rouen coñecíase por *la gargouille de saint Romain*, porque a súa feitura debía lembrar a dunha gárgola medieval; a de Bayeux era a *bête de saint Loup*, a de Provins denominábase *la lézarde de saint Quiriace*, a de Poitiers chamábase *la Grand Goule* ou *Gran'gueule* de San Hilario, a de Rheims viña se-la *Bailla*, ... En Catalunya, o *drac* de Lleida era coñecido polo *Marroco*; en Andalucía pervive en Jaén o *Lagarto de la Malena* ou Magdalena. En Galicia temos o *camelo* de Betanzos e a *becha* de Ribadavia, aínda que é de supoñer que as demais contasen con nome de seu. O mesmo que a da vila do Avia, a veciña portuguesa de Monção tamén é coñecida algunhas veces pola *bicha*.

A denominación de *becha* (ou *bicha*) procede do latín vulgar *bestiu*, e aplícase a unha serpe ou mesmo verme moi grande e, en xeral, a calquera animal vermiforme que saia fora do normal polo grandor. Tamén se pode referir a persoa, co significado - o mesmo que a castelá *tarasca*— de fea, de aspecto ridículo ou mesmo mala. Afonso X o Sabio, na cantiga CLXXXIX, conta como Santa María salvou un

home dunha *bescha* que achou no camiño cando ía de peregrinación ó santuario de Salas:

.....  
*A ssí viir hûa bescha  
come dragon toda feita,  
de que foi muit' espantado;  
pero non fugiu ant' ela,  
ca med' ouue se fogisse  
que sería acalçado;  
et aa Uirgen bêeita  
fez logo ssa oraçon  
que o guardasse de morte  
et de dan' e d'ocaion.*  
.....

O home logo de rezar matou a *bescha* coa espada, pero ó fende-lo corazón salpicoulle o veneno e deulle o bafo que botaba pola boca, ficando entón empezoñado, pero a Virxe tamén o curou, porque

*Ben pode Santa María  
guarir de toda poçon,  
pois Madr' é do que trillou  
o basilisqu' e o dragon*<sup>19</sup>.

A Coca participaba activamente na procesión. En Ourense, poñamos por caso, dependía da confraría dos zapateiros a mediados do século XV, e o mesmo que a nosa de Ribadavia, que tamén corría por conta dos traballadores de “obra prima”. Nos últimos anos quizais xa unicamente fose a figura do dragón, pero durante séculos tivo lugar (antes ou despois da procesión), unha concorrida escenificación na que o cabaleiro San Xurxo loitaba co monstro, rematando sempre por vence-

lo, simbolizando deste xeito a derrota do Mal e o triunfo do Ben. Segundo parece, este enfrontamento desenvolvíase no adro ou campo de San Domingos. En Ourense era un dos espectáculos máis populares, e igual acontecía nas demais poboacións, o mesmo que agora nos nosos días na vila miñota de Monção, á que acoden centos de persoas, aínda sabendo de antemán que o gañador vai se-lo santo.

Non se sabe cando empezaría a percorre-las costeiras e estreitas rúas de Ribadavia, pero poido ser na primeira metade do século XV, máis ou menos cando a de Ourense, Tui e outras, porque a súa difusión debeu cadrar pola mesma época, ó tempo que se estendía a celebración da festa do Corpo de Deus por toda Europa.

A nivel popular, o mesmo que sucede coas de Redondela e Monção, e con outras de lonxe (como a francesa de Tarascón), contaríase que era a figura dun monstro que vivira nas augas do Avia ou do Miño, e se fose neste último, entón mesmo podía ser irmá ou estar emparentada coas de Monção e Tui, das que tamén se di que subiran por este río dende as profundidades do océano Atlántico. Deboraría tanto á xente como ós animais, pero ninguén se atrevía a enfrontarse con ela, ata que apareceu un cabaleiro descoñecido que a venceu, non sen expoñe-la vida. Ese valente

18. Sobre esta Coca véxase: DUMONT, L.: *La Tarasque. Essai de description d'un fait local d'un point de vue ethnographique*, Gallimard, Paris, 1951. Verbo da denominación de *gomia*, VERY, F.G.: *The Spanish Corpus Christi procession: A literary and folkloric study*, Valencia, 1962, pp. 62 ss.

19. AFONSO X, O SABIO: *Cantigas de Santa María*, editadas por Walter Mettmann, Ed. Xerais de Galicia, 1981, cantiga 189, pp. 37 ss.

era San Xurxo, e dende entón os veciños acordaron celebrar tódolos anos a loita para lembrar aquel importante feito, pasando a ser padroeiro do gremio dos artesáns, que puxeron a confraría baixo a súa protección.

Os séculos dourados da Coca foron o XVI e o XVII, a partir de entón comeza a decadencia, a se escoita-las primeiras voces contrarias á súa presenza na procesión. Nada se sabe no tocante á súa

refire ás nosas, a fotografía máis vella que se ten da de Redondela foi dada a coñecer na revista pontevedresa *Galicia Moderna*, o 15 de xullo de 1897. Carecemos de descripcións completas, non podendo máis que tirar algúns detalles dos textos, como -poñamos por caso- que a da Coruña portaba sobre ela unha figura de “xudeu”: *por aver llevado la Coca o Tarasca a la porteria de Sn. Francisco desarmada de su manto y puesta encima della*

máis, a de Pontevedra tiraría a crocodilo, segundo deixou dito o P. Sarmiento: *La cabeza de la Coca de Pontevedra no tanto es de serpiente como de “cocatrix”, el cocodrilo y, por conseguinte, el Leviathán que Cristo venció*<sup>21</sup>.

A estrutura (o “esqueleto”) estaba feita de vimbios e varas de salgueiro, e a cabeza de madeira, articulada de xeito que a persoa que ía dentro poidese movela e facerlle abrir e pecha-la boca.

Cubríase con tea ou lona<sup>22</sup>, pintada de cor verdosa-amarela, a semellanza da pel dos crocodilos, lagartos, serpes, etc. A mediados do século XVIII a súa feitura podía importar uns 176 reais, sen conta-los materiais (madeira, vimbios, tea,...), que foi o custo da de Tui en 1748: o concello pagou a Rosendo de Morays 88 reais polo traballo de carpintería, a Xoán de Louriño, 18 reais por prepara-lo vestido, e a Pedro Regalado de Silva e Ruybal, 70 reais por pinta-la tea, que en total eran 28 varas (23'38 m<sup>2</sup>)<sup>23</sup>.



*O Dragón sigue sendo un dos principais protagonistas do Corpus de Redondela, "A Festa da Coca". Fotografía de Pacheco, 1925.*

feitura. Tanto das galegas, como das portuguesas, a representación iconográfica máis antiga é un deseño da de Monção debido a João de Almeida, publicado en 1886 en *O Minho Pitoresco* de José Augusto Vieira. Polo que se

*Un Judío o Fariceo con una bucina en la boca y un letreiro en las espaldas decía: A re bobo, tratando a los onbres de Vien de tales...*<sup>20</sup>. A de Betanzos tiña chepas, atendendo á denominación de *O Camelo*; e, por non citar xa

Tanto o groso do corpo coma o longo, variaban dunhas a outras, como sucede agora se comparamos a de Monção, que anda polos cinco metros de longo e sobre dous de alto, coa de Redondela, que é moito máis pequena.

20 GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A Coca e o mito do dragón*, p. 117; e "A Coca da Coruña", *Brigantium*, 8, 1993/94.

21. SÁNCHEZ CANTÓN, F.J.: "El Padre Sarmiento, los gigantes en Corpus y... Pontevedra al fondo", *Nodales*, Pontevedra, 1959. Tamén no t. XXV da revista do Museo de Pontevedra, 1971, pp. 165 ss.

22. Sábese dalgunha non galega recuberta con coiro, como a de Bergen-op-Zoom (Países Baixos), en 1479, MEURANT, R.: *Obr. cit.*, p. 521.

23. F.-VALDÉS COSTA, M.: "Estampas antiguas del Corpus: Gigantes y Tarascas", *Faro de Vigo*, 4-VI-1953, e "Calendario folklórico, Corpus Christi", *Boletín de Información del Centro de Iniciativas y Turismo de Tui*, maio-1961, p. 2.



Da *Becha* non sabemos nada: nin a feitura, nin os materiais, nin tampouco as dimensións. É de supoñer que tendese á forma que se considera tradicional dos dragóns (serpenti-forme, con ás e patas); e que estivese feita de varas e vimbios, e recuberta con tea pintada, como eran todas, e mesmo aínda agora a de Redondela<sup>24</sup>. Do único que non podemos dicir nada é das dimensións, que variaban moito entre unhas e outras.

### III. A MORTE DA “BECHA”

O 10 de abril de 1772, por unha real resolución ordenouse que deixaran de saír en Madrid *los gigantes, gigantillas y tarasca, porque lejos de autorizar semejantes figuras la procesión y culto del Santísimo Sacramento, causaban no pocas indecencias, y servían solo para aumentar el desorden, y distraer o resfriar la devoción de la Magestad Divina*<sup>25</sup>. Poucos anos despois, o 20 de febreiro de 1777, Carlos III asinaba unha real cédula como resposta a unha “representación” do bispo de Plasencia, pola que se prohibían unha serie de manifestacións relixiosas de orixe medieval na súa maioría, dende os disciplinantes e empalados, ata outros espectáculos que tiñan lugar nas procesións de Semana Santa, Santa Cruz, rogativas e outras, así como tamén as dan-

zas que se celebraban dentro dos templos, nos adros e nos cemiterios. A sociedade ficaba dividida entre os partidarios de continuar con estes actos e os que os consideraban como algo xa fóra de época e, polo mesmo, que cumpría suprimir.

Entre os alcaldes galegos partidarios de seguir como sempre, estaban os de Compostela, Ourense, Pontevedra, Tui e Ribadavia. Como a real cédula non especifica nada en particular sobre o Corpus, varios gremios –coma o compostelán dos zapateiros– solicitaron ó real consello que *se incluya, comprenda y entienda, la de dichas Farsas o Danzas, y la referida Coca o Tarasca y mas redículas figuras...* Recibiron resposta favorable no mes de xuño de 1778, constando na mesma que tamén entraban os *ridículos figurones* que saían na procesión do Corpo de Deus<sup>26</sup>. Pero aínda non quedou o asunto así, pois o 10 de xullo de 1780 Carlos III achándose no palacio de San Ildefonso asinou outra real orde, dispoñendo que *en ninguna Iglesia de estos reynos, sea Catedral, Parroquial o Regular, haya en adelante danzas ni gigantes; y cese del todo esta práctica en las procesiones y demás funciones eclesiásticas, como poco conforme a la gravedad y decoro, que en ellas se requiere*<sup>27</sup>.

Como queda dito, o alcalde de Ribadavia, Bernardo de Castro, era contrario á supresión destas figuras tradicionais na procesión, pero dende 1777 a *Becha* non volveu ás rúas da vila, porque se negou a andar con ela o mestre de obra prima ou dos zapateiros, Cecilio Álvarez. Na súa defensa alegaba que, *como fiel Basallo de su Magd.*, só obedecía as súas ordes e non as do alcalde, que ignoraba as disposicións reais. Pero o rexedor non estaba de acordo, porque non figuraba nas mesmas explícitamente a supresión da Coca, obrigándose a seguir indo como sempre na procesión, ó que se negou o mestre, polo que o mandou entón prender e embargar algúns bens.

Cecilio Álvarez apelou á Real Audiencia de Galicia, sita na Coruña, que o 20 de xuño de 1781 fallou ó seu favor, ordenándolle ó alcalde que devolvese as pertenzas *y efectos qe. por razon de dha. Causa le hubiédeses sacado o embargado*<sup>28</sup>.

Así foi como morreu a *Becha*, despois de máis de trecentos anos de vida. Dende entón non volveu a percorre-las rúas de Ribadavia, esquencéndose paseniñamente a xente de que existira tal monstro na procesión do Corpo de Deus, que era o terror dos nenos e aínda de moitos maiores.

Cando a ela finaron outras

24 Ata 1997, en que foi reformada, *Faro de Vigo*, 11-VI-1998.

25 MARTÍNEZ ALCUBILLA, M.: *Códigos antiguos de España...*, Madrid, 1885, II, p. 764.

26 COUSELO BOUZAS, J.: “Los juegos y danzas en las fiestas compostelanas”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XV, A Coruña, 1926, p. 44.

27 MARTÍNEZ ALCUBILLA, M.: *Obr. cit.*, p. 764.

28 AHPOurense: *Concello de Ribadavia*, a continuación da acta do 9 de decembro de 1781.

moitas, non só no territorio español, senón tamén noutros países europeos: o 25 de abril de 1728 o bispo de Troyes (Franza) xa prohibira levar na procesión a *figura indecente* do dragón de San Lupo, *para deter no futuro desordes tan contrarios á santidad da nosa relixión*<sup>29</sup>; en 1732 o xuíz de Elvas recibiu unha orde na que se lle comunicaba que *foi o rei servido mandar tirar nesta corte as ditas figuras e usos antigos para maior solenidade e devoção da mesma procissão*<sup>30</sup>. O 10 de maio de 1786, Joseph II de Habsburgo, emperador de Alemaña e Austria, dispuxo que se retirasen as estatuas e imaxes nas procesións<sup>31</sup>. Durante a revolución francesa (1789-1799), moitas Cocas foron destruídas: Dunkerque, Douai, Ypres, Ath,...<sup>32</sup>.

En Galicia tamén desapareceron todas, agás a de Redondela, que ou seguiu ou axiña foi recuperada de novo, chegando ata os nosos días de

forma semellante a como era antes de 1777. E a uns corenta quilómetros, a portuguesa de Monção, que despois de ter pasado por diferentes vicisitudes, aínda é posible contemplar agora tódolos anos a loita entre a Coca e o cabaleiro San Xurxo.

#### IV. ¿VOLVERÁ A “BECHA”...?

Non hai moitos anos que logo de levar esquencida máis de douscentos, a Coca de Betanzos -*O Camelo*- presentouse de novo na vila, neste caso na procesión de San Roque, o 16 de agosto, xunto cos danzantes e na compañía dos seus amigos os *gamachinhos* (é dicir, os demiños). E o mesmo lle pode suceder a outra calquera o día menos pensado.

A de Ribadavia desapareceu en 1777, pero unicamente foi a figura, pois o espírito, a semellanza dos seus parentes

os lagartos e as cobras, aletargouse no recanto máis escuro e fondo das augas do río Avia. E alí leva escondida 222 anos, sen que ninguén dende entón teña dado con ela, porque agora fuxe da xente. Pero, como lle pasou á betanceira, quizais o seu sono non sexa eterno, porque o Centro de Estudos Medievais tenta de a recuperar, de convidala a saír da auga e a que suba ata a praza maior con tódolos honores que lle corresponden. Alí, no medio das demais figuras e persoaxes da *Festa da Historia*, de seguro que se ha de sentir a gusto e fachendosa, e ata pensará que o tempo se detivo e ela segue sendo a mesma de sempre, ó comprobar que, como na súa época, Ribadavia é a capital indiscutible de todas estas terras do Avia e do Miño, regadas tódolos anos polos milleiros de *moios* de viño que dan as súas cepas ó chega-lo outono.

29 LALORE, CH.: “Le Dragon –vulgairement dit Chair-Salée–, de Saint Loup évêque de Troyes. Étude iconographique”, *Annuaire administratif, statistique et commercial du département de l’Aube*, 51, 1877, p. 150.

30 CHAVES, L.: “Os oficios mecánicos de Coimbra”, *O Instituto*, 89, Coimbra, 1953, p. 363.

31 MEURANT, R.: “Géants et monstres d’osier”, *Bulletin de la Société Royale Belge d’Anthropologie et de Préhistoire*, LXXI, Bruxelles, p. 20.

32 MALBRANKE, C.: “La Révolution française face aux géants processionnels”, *Comité Flamand de France*, Lille, 1952.

#### BIBLIOGRAFÍA

##### a) Fontes documentais

Arquivo histórico provincial de Ourense: *Concello de Ribadavia*.

Idem: *Concello de Ourense*.

(Ver Apéndice Documental. Páx. 103).

##### b) Publicacións

CHAO REY, J.L.: “Bienvenida “A Becha”, coquetrix de Ribadavia”, *La Región*, Ourense, 21-XII-1996.

*Constituciones Synodales del Obispado de Tuid...*, Compostela, 1761.

EIJÁN, S.: *Historia de Ribadavia y sus alrededores*, Madrid, 1920.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A Coca*, Departamento de Cultura do

Concello de Redondela, Vigo, 1987.

--- : *As penlas e a danza de espadas*, Departamento de Cultura do Concello de Redondela, Vigo, 1987.

--- : “A coca de Betanzos”, *Anuario Brigantino*, 15, Betanzos, 1992.

--- : *A coca e o mito do dragón*, Ir Indo, Vigo, 1993.

--- : “A coca da Coruña”, *Brigantium*, 8, A Coruña, 1993/94.

--- : “A becha de Ribadavia”, *La Región*, Ourense, 28-VIII-1994.

--- : “Dúas manifestacións comúns a Portugal e a Galicia: a Coca e San Cristovo”, *Actas do III Congreso de Historia da Antropoloxía e Antropoloxía Aplicada*, Pontevedra, Santiago de Compostela, 1997.

MERUÉNDANO ARIAS, L.: *Los judíos de Ribadavia*, Ribadavia, 1915.